

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE
DO 30 DE SETEMBRO DE 2022**

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00044049N.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da presente convocatoria.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00038019N.

Modificación do contrato de Prestación integral do servizo de axuda no fogar (CON/11/2020).

Acórdase:

Primeiro.- Modificar o contrato de acordo coas seguintes condicións:

ANO	Nº DE HORAS INICIAIS	ACTUAL CONTRATO				COAMODIFICACIÓN DO CONTRATO. RESULTADO FINAL			
		PREZO/HORA	TOTAL SEN IVE	IVE (4 %)	TOTAL CON IVE	CO INCREMENTO ORZAMENTARIO	Nº DE HORAS DE INCREMENTO ANUAL	Nº DE HORAS ANO	ORZAMENTO ANO CON IVE
2022 (9 MESES (ACTUAL CONTRATO) + 3 MESES (CON AMPLIACIÓN DE CONTRATO))	170.992,19	17,32	2.961.584,69 €	118.463,39 €	3.080.048,08 €	151.232,88 €	8.397,16	179.389,35	3.231.280,95 €
2023 (12 MESES)	170.992,19	17,32	2.961.584,69 €	118.463,39 €	3.080.048,08 €	600.000,00 €	33.314,00	204.306,19	3.680.048,08 €
2024 (5 MESES)	70.739,23	17,32	1.225.203,53 €	49.008,14 €	1.274.211,67 €	249.863,01 €	13.873,57	84.612,80	1.524.074,68 €

Segundo.- Aprobar e comprometer un gasto complementario por importe de **1.001.095,89 €** con cargo á aplicación orzamentaria 020 23100 2270300, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2022: 151.232,88 €.

Anualidade 2023: 600.000,00 €.

Anualidade 2024: 249.863,01 €.

Terceiro.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria do servizo **SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, S.L.**, ao obxecto de que reaxuste nun prazo de 10 días hábiles a garantía definitiva depositada de modo que se adecúe ao importe do contrato.

3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00048854Z.

Ampliación da execución do contrato de servizos para o desenvolvemento dun sistema de control e predición de aspectos críticos da mobilidade no centro e no casco histórico de Santiago de Compostela.

Acórdase:

Primeiro.- Ampliar o prazo da execución do contrato de servizos para o desenvolvemento dun sistema de control e predición de aspectos críticos da mobilidade no centro e no casco histórico da cidade ao abeiro do disposto no art.195.2 da LCSP ata o 31 de outubro de 2022 co fin de que por

parte da empresa se finalice a totalidade dos traballos, sen prexuízo da incoación do correspondente procedemento de imposición de penalidades por posibles incumprimentos ao abeiro do establecido no anexo XIV do prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- Notificar este acordo a KAPSCH TRAFFICOM TRANSPORTATION S.A. e aos servizos municipais correspondentes.